



Comité Intercentros
Universidade de Vigo

Nº Rexistro: Uvigo1101 Nº200600001402

O Pleno do Comité Intercentros da Universidade de Vigo, reunido en sesión ordinaria na cidade de Ourense o día 19 de xaneiro de 2006 acordou, por ampla maioría dos seus membros, o seguinte:

Manifestarse a prol de que os exames das probas de selección para prazas de persoal laboral que organice a Universidade de Vigo se realicen só no idioma galego ao entender que é unha medida necesaria para realizar a normalización efectiva da lingua.

A maioría do Órgano de Representación do persoal laboral, entende tamén, que o solicitado está en consonancia co artigo 4.2 dos vixentes Estatutos, onde se di: “A Universidade de Vigo promoverá, de acordo coas súas competencias, liñas de actuación que contribúan ao uso pleno da lingua galega en todas as súas actividades docentes, investigadoras, administrativas e de servizos”.

Vigo, 27 xaneiro de 2006

O SECRETARIO DO COMITÉ
INTERCENTROS

Asdo.: Manuel Velasco Graña